



Abuíme -Fión (San Lourenzo) - O Saviñao, 1980-11

Informante: Rosa (30)

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcripción: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

Edición da presente ficha: Pablo Fernández

Ahora non canto más
que se me acabou a gracia
i esta pouquiña que teño
cómpreme pa miña casa.

VI 47d

I alá arriba naquela montaña
rapan o pelo cunha gadaña
i alá vou eu que me rapen o meu.

[Rei, rei,
cantos anos durarei
vintecinco non o sei.

- Esa é a da corda, a que cantan as pequenas.
- Cómo era?

VI 11

Rei, rei,
cantos anos durarei
vintecinco non o sei
pase misí,
pase misá.

- Noo! Esa non é. Vintecinco non o sei.
- Uno, dos, tres,... Dando corda hasta que se cansa.
- A persona está dentro e ten que saltar? ou cómo?
- Si, si, si. Ten que saltar e dice “uno, dos, tres, ...” hasta que perda e despois volven decir “Rei, rei, ...”
- Despois o pasemisí era...

Pase misí,
pase misá
por las calles de Alcalá
la de diante corre mucho
la de atrás quedará.

- En galego non son.